



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**LISTA DE ASISTENTES**

D. Domingo Docampo Amoedo  
D. Salustiano Mato de la Iglesia  
D. Pedro Merino Gómez  
D. Javier De Vicente Remesal  
D. Antón Fernández Álvarez  
D. Juan M. Suárez Creo  
D. José M. Da Rocha Álvarez  
D. Oscar Rubiños López  
D. Julio Taboada Pérez  
D<sup>a</sup>. Margarita Estévez Toranzo  
D<sup>a</sup>. Silvia Bermúdez Pérez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Cabeza Pereiro  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Victoria Carballo-Calero Ramos  
D. Víctor Cardador González  
D. Pablo Javier Cebra Loureda  
D. Eusebio Corbacho Rosas  
D<sup>a</sup>. Patricia Corbacho Suso  
D. Xosé Henrique Costas González  
D. Guillermo de Oca Cancela  
D. José Durany Castrillo  
D. Manuel Fernández Gesto  
D. José Manuel García Vázquez  
D. Rubén Garrido Bernárdez  
D. José Luis Legido Soto  
D. Carlos Martínez-Peñalver Freire  
D. Andrés Mazaira Castro  
D. Pedro Membiela Iglesia  
D. Luis Ortíz Torres  
D. Candido Pérez Betanzos  
D<sup>a</sup>. Nieves Redondo Álvarez  
D. Francisco Javier Rodríguez Berrocal  
D. Patricio Sánchez Bello  
D. Rafael Sanz Domínguez  
D. Manuel Varela Lafuente  
D. Manuel Velasco Graña  
D. Federico Vilas Martín

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de  
Goberno da Universidade de Vigo, de vinteun de  
maio de dous mil un, ás 9:30 horas en primeira  
convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na  
Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de  
Telecomunicación

O luns, **día 21 de maio de 2001**, ás  
10:00 horas, comezou a sesión extraordinaria da  
Xunta de Goberno co obxecto de tratar o  
seguinte punto da orde do día:

1.- Debate sobre o anteproxecto da *Ley  
Orgánica de Universidades*.

Intervén en primeiro lugar o Rector para  
explicar o proceso seguido nesta fase inicial de  
tramitación da nova Lei. Di que o anteproxecto  
que recibiron os rectores o día 7 de maio non  
responde ás expectativas creadas cando a  
Ministra de Educación o día 19 de abril presentou  
ante o Consejo de Universidades as liñas xerais  
desta lei. Polas informacións disponibles parece  
que o proxecto podería estar entregado no  
Parlamento antes do verán e debatirse en outono.  
As universidades poderían manifestar a súa  
opinión antes do día 30 de maio.

A continuación interveñen varios membros  
de Xunta de Goberno.

O profesor Corbacho di que a redacción  
do anteproxecto é pobre, pouco ordeada e non  
ten ó inicio unha exposición de motivos. Baséase  
en postulados que se dan por suposto como  
aspectos negativos da L.R.U.: excesivo  
protagonismo do Claustro, endogamia etc.

O profesor Membiela bota en falta unha  
avaliación da lei anterior e considera que non hai

prazo para recoller as opinións das universidades. No referente os órganos de goberno, opina que o sistema sería menos participativo para a comunidade universitaria,

non asegurando a participación de PAS e estudantes en tódolos órganos. No que atinxe á selección de profesorado, cambia un tipo de endogamia por outro e aumenta a burocratización.

O profesor Durany considera discutible a ponderación que se establece na elección do Rector, non está de acordo co feito de que unha terceira parte do Consello de Goberno esté composta por membros da parte non académica do Consello Social. Se rebaixa a autonomía universitaria e non se arregla o problema de base dos profesores en formación. No que se refire a admisión de estudantes valora este novo método de "selectividade local" como menos xusto que unha proba xeral.

O Sr. Cardador di que a lei é pouco moderna, que leva a unha politización do Consello de Goberno, que non garantiza mínimos de estudantes e PAS en tódolos órganos de goberno, que ten unha concepción presidencialista da figura do Rector e que non desenvolve aspectos relacionados co espazo europeo da educación superior. Finaliza dicindo que non hai tempo de debate.

O profesor de Vicente Remesal di que o texto parece un regulamento máis cunha lei, que non hai nin unha idea do que se quere nin seriedade por parte do Ministerio polas présas con que se presenta.

O profesor Sánchez Bello di que o anteproxecto non trata o tema da ordenación dos estudos e considera fundamental saber cales serán as disposicións adicionais e transitorias da Lei.

O profesor Varela di que o proxecto parece máis de tipo político que académico. Non é un proxecto moderno no referente á relación investigación-docencia. O tema do acceso está totalmente difuso. Hai retroceso no que atinxe á autonomía das universidades. Habería que ter máis prazo e poder indicar sen présa os puntos de desacordo.

A Sra. Corbacho non está de acordo con esta proposta de nova "selectividade local". Di que a proposta de selección de profesores e estudantes favorece ás mellores universidades e prexudica ás novas que poderían tender a desaparecer.

A Sra. Bermúdez di que este texto podería cualificarse como "proxecto de lei barbarie das universidades". Non elimina a selectividade: o novo sistema fomentaría o enchufismo e a elitización. Valora moi negativamente as funcións, composición e competencias dos órganos de goberno. Non está de acordo coa tramitación que seguirían os planos de estudio. Discrepa co peso e tratamento das universidades privadas dentro do Consejo de Coordinación Universitaria. Por último di que a lei tería que estar acompañada de medidas de financiamento.

O profesor Legido di que sería mellor analizar que aspectos da LRU non funcionan e

reformalos. Opina que a lei debería englobar o marco europeo.

Finalizadas as intervencións, o Rector di que a opinión da Xunta de Goberno é semellante á da CRUE. Non foi consultada nin a CRUE, nin o Consejo de Universidades nin os rectores. A CRUE opina que este tipo de habilitación é unha pseudohabilitación e non resolve nin evita a mala endogamia. O sistema non é moderno. É inxusto que os actuais Catedráticos e Titulares de Universidade xa estean habilitados e non o estean os análogos funcionarios europeos. As universidades privadas terían voz e voto no Consejo de Coordinación Universitaria; en concreto, as universidades da Igrexa non precisan do informe do Consejo para a súa creación pero entrarían con voz e voto no mesmo.

O texto é excesivamente regulamentista e uniformizador. O sistema proposto de novos órganos de goberno é pouco claro e complexo. Por último, manifesta que a comunidade universitaria non foi escoitada.

Nun segundo turdo interveñen os profesores Vilas, R. Berrocal, Corbacho, Mazaira, Membiela, Durany e Carballo-Calero, a Sra. Cendón e o Sr. Velasco. Os profesores Vilas e Carballo-Calero consideran importante que haxa un pronunciamento das universidades galegas.

Finalizado o debate, a Xunta de Goberno, aprobou por asentimento o seguinte acordo:

*1.- Que o texto recibido entra en profunda contradicción cos principios enunciados pola Sra. Ministra de Educación, Cultura y Deporte na súa intervención diante do Pleno do Consejo de Universidades do pasado 19 de abril.*

*2.- Que se trata dun texto moi regulamentista que define un marco monolítico e uniformista, ríxido e dificilmente compatible coa diversidade do sistema universitario español.*

*3.- Que no anteproxecto se advirte unha radical desconfianza na universidade pública e na propia autonomía universitaria, que se plasma con mais intensidade no referente ós órganos de goberno, ó sistema de habilitación dos profesores universitarios e a incorporación con voz e voto das universidades privadas ó novo Consejo de Universidades.*

*3.1.- Así, incorpora o anteproxecto unha estrutura de goberno complicada, confusa, pouco representativa dos diferentes sectores da comunidade universitaria e que, ademais, non distingue con claridade os ámbitos de dirección, goberno, xestión, representación e control. Cremos que se trata dunha estrutura inestable que fará máis difícil a gobernabilidade das universidades.*

*3.2.- O sistema de selección de profesores é unha pseudo-habilitación (practicamente un concurso), que debería ser sometido a unha profunda revisión, se se quere que estimule ó profesorado nunha carreira docente con incentivos e non con obstáculos.*

*3.3.- O anteproxecto leva consigo un claro enfeblecemento do sistema universitario público en favor do privado, incorporándose de cheo ó sistema centros educativos que non resistirían un mínimo control de calidade como universidades.*

*4. Por riba de todo isto, o anteproxecto non fai ningunha referencia ás carencias das universidades públicas e á necesidade de definir un novo marco financeiro que homologue o investimento público en España coa media europea e garanta ás nosas universidades incorporárense en pé de*

*igualdade ó espacio europeo de educación superior. Entendemos que unha nova lei, necesaria para acometer os retos que hoxe teñen diante de si as universidades, precisa dunhas medidas de acompañamento de carácter orzamentario que permitan garantir a prestación do servizo público de educación superior e investigación coa calidade que a participación no espacio europeo vai requirir.*

*Por todas estas razóns, consideramos absolutamente imprescindible que, antes da entrada do anteproxecto no Parlamento, se abra un proceso de debate con prazos abondos como para que se poida chegar a posicións que susciten o máximo de consenso posible, e, xa que logo, o máximo apoio da comunidade universitaria no seu desenvolvemento.*

*Así pois, co fin de non perdermos esta oportunidade de modernizar o sistema universitario español para que sega sendo un instrumento transformador da realidade social mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transmisión cultural, esiximos a retirada do anteproxecto ata que o debate antes indicado se produza.*

Non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13:00 horas do día 21 de maio de 2001, da que eu como Secretaria Xeral dou fe, co v<sup>a</sup> e prace do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo